

# CONCELLO DE ARTEIXO



CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 19 12



## REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE ARTEIXO

### PREÁMBULO

#### **CAPÍTULO I. DEREITOS DE PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS E CIDADÁS**

- Artigo 1. Dereito á participación.
- Artigo 2. Dereito á información.
- Artigo 3. Dereito de petición (Artigo 29 da Constitución)
- Artigo 4. Dereito de audiencia.
- Artigo 5. Dereito á iniciativa cidadá.
- Artigo 6. Dereito a presentar queixas, reclamacións e suxestións.
- Artigo 7. dereito de intervención nos Plenos Municipais
- Artigo 8. Dereito á consulta popular ou referendo.
- Artigo 9. Dereito a unha política municipal de fomento das asociacións.
- Artigo 10. Dereito de reunión.
- Artigo 11. Promoción efectiva dos dereitos de participación.

#### **CAPÍTULO II. A ORGANIZACIÓN MUNICIPAL**

Sección Primeira. Sistemas de Información, Atención e Comunicación

- Artigo 12. A Oficina de Atención Cidadá
- Artigo 13. Os medios de comunicación locais. A Radio Municipal
- Artigo 14. A páxina web municipal e o correo electrónico cidadán.

Sección Segunda. O Ficheiro Municipal de Entidades Cidadás

- Artigo 15. O Ficheiro Municipal de entidades.

#### **CAPÍTULO III. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN**

Artigo 16. Carácter dos órganos de participación.

Sección Primeira. O Consello Xeral de participación Cidadá

- Artigo 17. O Consello Xeral de participación Cidadá
- Artigo 18. Composición.
- Artigo 19. Funcionamento.
- Artigo 20. Funcións

Sección Segunda. Os Consellos Sectoriais

- Artigo 21. Os consellos sectoriais.
- Artigo 22. Composición e funcionamento.
- Artigo 23. Funcións.

#### **CAPÍTULO IV. RÉXIME DE SUBVENCIÓNS E AXUDAS PÚBLICAS**

- Artigo 24. Ordenanza Xeral de Subvencións
- Artigo 25. Ordenanza Xeral de Uso dos Locais e Instalacións Municipais
- Artigo 26. Medios materiais e asesoramento.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

### **DISPOSICIÓN FINAL**

### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

# CONCELLO DE ARTEIXO



## CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 19 12



### PREÁMBULO

O Regulamento de participación cidadá revela o compromiso do Concello ante os cidadáns e cidadás para fomentar a participación democrática e a transparencia nos asuntos públicos locais, de acordo co ordenamento constitucional e conforme aos principios que inspiran a Carta Europea de Salvagarda dos Dereitos Humanos ás cidades.

Este compromiso municipal orienta a vontade de crear e consolidar un sistema de participación adecuado á democracia local que reforce o dereito constitucional á participación nos asuntos públicos proclamado no artigo 23 da Constitución

Este sistema de participación pretende estenderse a todo os aspectos da xestión pública local, tanto no que se refire estrictamente a actuacións promovidas directamente polo Concello, o seu goberno e o Pleno, como as realizadas por organismos autónomos e/ou empresas municipais, adoptando as medidas necesarias e específicas para a súa concreción nestes ámbitos.

Por isto, e en cumprimento do mandato do artigo 70 bis apartado 1 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello pon a disposición da cidadanía todos os instrumentos normativos e materiais, ao seu alcance.

### CAPÍTULO I. DEREITOS DE PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS E CIDADÁS

#### **Artigo 1. Dereito á participación.**

Todas as persoas teñen dereito a intervir na xestión dos asuntos públicos locais directamente ou mediante asociacións cidadás utilizando os órganos e canles de participación establecidos nas leis e neste regulamento.

#### **Artigo 2. Dereito á información.**

1. Todas as persoas teñen dereito a recibir información das actividades e servizos municipais, acceder aos arquivos públicos municipais e utilizar todos os medios de información xeral establecidos polo Concello.
2. O Concello facilitará o exercicio deste dereito e creará as canles de información xeral para atender as peticións de información que poida facer calquera persoa coas únicas limitacións prescritas polas leis, especialmente as que fagan referencia aos dereitos de protección da infancia e a mocidade, a intimidade das persoas ou a seguridade cidadá.
3. Cando circunstancias de interese público aconsélleno e previa conformidade do órgano municipal competente, remitiranse a toda a poboación residente no municipio os acordos e disposicións municipais, sen prexuízo da preceptiva publicación nos Boletíns Oficiais

#### **Artigo 3. Dereito de petición (Artigo 29 da Constitución)**

1. Todas as persoas teñen dereito a facer peticións ou solicitudes ao goberno municipal en materias da súa competencia ou pedir aclaracións sobre as actuacións municipais, sen máis limitacións que as establecidas polas leis. Este dereito exerceuse utilizando calquera medio válido en dereito que permita deixar constancia fehaciente da identidade do petionario e o obxecto da petición.
2. As peticións poden incorporar suxestións ou iniciativas e presentaranse en calquera oficina de atención cidadá ou rexistro municipal. Tamén se poderán utilizar os medios electrónicos ou telemáticos establecidos polo Concello. As peticións realizadas colectivamente deberán permitir a acreditación da identificación dos petionarios.
3. O Concello acusará recibo da petición no prazo máximo de 10 días e admitirá a trámite, a non ser que concorran algunha das causas seguintes:
  - a) insuficiencia da acreditación do petionario ou petionarios;
  - b) o obxecto de petición non é competencia do Concello;

# CONCELLO DE ARTEIXO



## CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 19 12



c) a petición ten un trámite administrativo específico. No primeiro caso darase un prazo de 15 días para emendar a carencia de acreditación, transcorrido o cal entenderase desistido o procedemento. A inadmisión por calquera outra causa será obxecto de resolución motivada no prazo de 45 días, a contar a partir do seguinte á data de presentación da petición.

4. Se é admitida a trámite, o Concello deberá responder ao peticionario nun prazo máximo de tres meses informando, se procede, das medidas que se tomaron ao efecto ou das actuacións que se previron adoptar.

### **Artigo 4. Dereito de audiencia.**

1. Todas as persoas teñen dereito a ser oídas na tramitación dos procedementos ou na realización de actuacións municipais nos que se manifeste un interese lexítimo.

2. Con independencia da posibilidade de acceder á tramitación dos expedientes administrativos, de conformidade co establecido pola Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, este dereito pódese exercer mediante convocatoria municipal a iniciativa do Concello ou en base a unha proposta cidadá para tratar temas de interese cidadán.

### **Artigo 5. Dereito á iniciativa cidadá.**

1. A iniciativa cidadá permite a calquera persoa promover accións ou actividades municipais, talles como:

- a) O dereito a propor a aprobación de proxectos ou regulamentos nos ámbitos competenciais propios;
- b) O dereito a propor asuntos para a súa inclusión na orde do día do Pleno municipal;
- c) O dereito a solicitar ao Concello que faga determinada actividade de interese público municipal comprometéndose os solicitantes a achegar medios económicos, bens, dereitos ou traballo persoal.

2. Para formular a iniciativa cidadá sobre propostas de aprobación de proxectos ou regulamentos será de aplicación o artigo 70 bis) apartado 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e tramitarase de acordo co establecido polo Regulamento Orgánico Municipal. En ningún caso poderán ser obxecto desta iniciativa normas reguladoras de tributos ou prezos públicos. O Concello facilitará un modelo para a súa presentación onde deberá indicarse claramente a proposta e, se fose posible, os motivos que a xustifican ou aconsellan.

3. Para efectuar propostas sobre asuntos que deban incluírse na orde do día do Pleno e que non se refiran á iniciativa prevista no apartado anterior, esixirase que sexa solicitado por un mínimo do 10% das entidades inscritas no Ficheiro municipal de entidades, as cales haberán de acreditar a súa vontade, mediante certificación do acordo da asemblea (ou Xunta Directiva) na que se decidiu. Igualmente, poderoa solicitar calquera persoa empadroada na cidade, co apoio dun número de firmas non inferior ao 10 por cento das indicadas no mencionado artigo 70 bis) apartado 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril. Cumpridos estes requisitos, o alcalde ou alcaldesa resolverá a solicitude motivadamente nun prazo máximo de 15 días.

4. A solicitude para que o Concello realice determinada actividade de interese público municipal poderase formular por calquera cidadán ou cidadá ou grupos de cidadáns e cidadás mediante escrito que indique claramente que actuación pídese e que medios económicos e/ou persoais pensan achegar os peticionarios para colaborar na súa realización. No caso de persoas menores de 16 anos os seus representantes legais deberán validar a petición. O escrito ten que conter o nome e apelido, da persoa asinante, o domicilio, o DNI e a súa firma. O órgano municipal competente comunicará ao

# CONCELLO DE ARTEIXO



## CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 19 12



petionario, nun prazo máximo de 45 días, se é admitida a súa solicitude indicando, en caso afirmativo, que actuacións ou medidas tomaranse.

### **Artigo 6. Dereito a presentar queixas, reclamacións e suxestións.**

1. Todas as persoas teñen dereito a presentar queixas, reclamacións e suxestións respecto da actividade municipal e dos servizos públicos locais, sen prexuízo do seu dereito a interpor os recursos administrativos ou xurisdiccionais pertinentes. Os medios de presentación de queixas, reclamacións e suxestións serán os establecidos no artigo 3 deste regulamento.

2. O Concello regulará os procedementos para a defensa dos dereitos cidadáns e se procede, a creación dun Defensor do cidadán ou unha Comisión Especial de Reclamacións e Suxestións ou calquera outro institución similar.

### **Artigo 7. dereito de intervención nos Plenos Municipais**

1. As sesións do pleno son públicas, salvo nos casos previstos no artigo 70.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril
2. Non son públicas as sesións da Xunta de Goberno Local nin das Comisións Informativas. Non obstante, ás sesións destas últimas poderán convocarse, para os únicos efectos de escoltar o seu parecer ou recibir o seu informe respecto a un tema concreto, a representantes das asociacións ou entidades a que se refire o artigo 72 da lei 7/1985, de 2 de abril.
3. Cando algunha das asociacións ou entidades a que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, desexe efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da orde do día na materia da cal se poida discrecionalmente estimar que teña interese específico en razón a unha concreta relación do obxecto social estatutario co ámbito do asunto da orde do día, deberá solicitalo por escrito, ao alcalde ou alcaldesa, polo menos 8 horas antes de comezar a sesión. Coa autorización deste, previa notificación á Xunta de voceiros, e a través dun único representante, poderá expor o seu parecer durante o tempo que sinale o/a alcaldesa, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.
4. Acabada a sesión do Pleno, o alcalde ou alcaldesa pode establecer unha quenda de rogos e preguntas co público asistente sobre temas concretos de interese municipal. Corresponde ao alcalde ou alcaldesa ordenar e pechar esta quenda. Para o desenvolvemento da quenda de referencia terase en conta as seguintes normas:
  - a. A petición de participar na quenda en cuestión deberá formularse por escrito coa antelación necesaria para que o alcalde ou alcaldesa poida dar conta dela, aos/as voceiros, e neste escrito farase constar en forma breve pero motivada o asunto a tratar que, en todo caso, deberá referirse sempre a tema incurso na competencia municipal, é dicir, que o Concello poida pronunciarse sobre eles. Tampouco non poderá versar sobre temas que estean pendente de resolución, ou que fosen previamente contestados. En caso de discrepancia dos solicitantes sobre a cualificación do tema en relación coa competencia municipal ou a situación pendente de resolución do mesmo, o alcalde ou alcaldesa, consultado á Xunta de voceiros, cualificará a procedencia, ou non, da consideración do asunto.
  - b. No escrito citarase a persoa que deba intervir en nome do colectivo
  - c. O escrito de referencia presentarase no Rexistro Xeral do Concello.

### **Artigo 8. Dereito á consulta popular ou referendo.**

# CONCELLO DE ARTEIXO



## CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 19 12



1. Todos os cidadáns e cidadás inscritos no Censo electoral teñen dereito a ser consultados directamente sobre asuntos do seu interese, así como promover a consulta popular ou referendo de acordo co artigo 70 bis da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local.

2. A consulta popular ou referendo non poderá consistir nunca en materia tributaria e terase que referir a ámbitos da competencia municipal. Dentro dunha mesma consulta pódese incluír máis dunha pregunta.

3. Para acordar a súa realización será necesario o acordo maioritario do Pleno municipal e tramitar a correspondente petición ao órgano competente do Estado.\*

4. Non se poderán facer, cada ano, máis de dúas consultas das indicadas neste artigo e non se poderá reiterar unha mesma consulta dentro do mesmo mandato.

### **Artigo 9. Dereito a unha política municipal de fomento das asociacións.**

Todas as persoas teñen dereito a que o Concello impulse políticas de fomento das asociacións a fin de reforzar o tecido social da cidade e para o desenvolvemento de iniciativas de interese xeral. O Concello, na medida das súas posibilidades, elaborará un Plan específico de fomento e mellora do asociacionismo do Concello.

### **Artigo 10. Dereito de reunión.**

Todas as persoas teñen dereito a usar os locais, equipamentos e espazos públicos municipais para exercer o dereito de reunión sen máis condicionantes que os derivados das características do espazo e as ordenanzas municipais, así como do cumprimento dos requisitos esixidos cando se trate de reunións en lugares de tránsito público ou manifestacións, de acordo coa Lei Orgánica 9/1983 Reguladora do Dereito de Reunión.

### **Artigo 11. Promoción efectiva dos dereitos de participación.**

1. O Concello promoverá o exercicio efectivo dos dereitos de participación que se regulan neste capítulo, removendo os obstáculos que impidan a súa plenitude.

2. De acordo con este regulamento, os dereitos de participación, a excepción do de consulta popular ou referendo, pódense exercer por calquera persoa que teña un interese lexítimo respecto dos asuntos que teñen que ver coa actividade do Concello. O dereito de consulta popular ou referendo só poderán exercitalo as persoas inscritas no Censo Electoral que non estean privadas do dereito de sufraxio.

3. No marco establecido polas leis, o Concello fomentará o asociacionismo das persoas e dos grupos que se atopan en peor situación de interlocución social e promoverá a participación dos inmigrantes.

## **CAPÍTULO II. A ORGANIZACIÓN MUNICIPAL**

### **Sección Primeira. Sistemas de Información, Atención e Comunicación**

#### **Artigo 12. A Oficina de Atención Cidadá**

1. Na medida das posibilidades do Concello creárase a Oficina de Atención Cidadá. É concibida como un nivel primario da información municipal que atende as peticións e consultas da cidadanía desde o punto de vista presencial, de atención telefónica ou telemática. Neste sentido dotárase dos medios tecnolóxicos, organización, coordinación interna e formación e reciclaxe do persoal municipal adecuados por garantir unha resposta áxil e eficaz á cidadanía. A Oficina ten a función de Rexistro de peticións, queixas, suxestións, iniciativas e propostas, así como a realización dos trámites administrativos que se determinen. Poderá recoller os escritos dirixidos a outras

# CONCELLO DE ARTEIXO



## CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 19 12



administracións trasladándoos, aos órganos competentes, comunicándoo á persoa interesada.

2. As tarefas desta Oficina, que poderá adoptar a denominación que aprobe o Concello, poderán ser asignadas a unha unidade orgánica de acordo coa estrutura organizativa da Administración municipal.

### **Artigo 13. Os medios de comunicación locais. A Radio Municipal**

1. O Concello fomentase o acceso á radio municipal dos/as cidadáns/as e asociacións inscritas no Ficheiro Municipal de Entidades Cidadás. Para facilitar o uso dos medios de comunicación municipais estableceranse canles e prazos, segundo as características do medio e o interese manifestado. Procurarase especialmente dar a coñecer os proxectos e actuacións de interese municipal, os períodos de información pública e a axenda de actividades.

2. Na medida que o permita a súa capacidade económica e técnica, o Concello promoverá a radio e a difusión de espazos nos que, ademais da información da cidade, poidanse facer debates e consultas aos responsables políticos respecto das cuestións de competencia municipal e de interese local, solicítense a opinión dos diferentes axentes sociais fágase difusión dos actos e procesos de participación cidadá que se produzan.

### **Artigo 14. A páxina web municipal e o correo electrónico cidadán.**

1. Na medida das súas posibilidades o Concello porá a disposición da cidadanía unha páxina web onde se poderá informar das actuacións de interese xeral, dos acordos dos órganos de goberno e do Pleno Municipal, así como dar a coñecer a rede asociativa local e a axenda de actividades máis relevantes para o municipio.

2. Esta páxina web informará, co máximo detalle posible, sobre os proxectos de importancia para o municipio. Igualmente poderanse facer consultas e realizar os trámites administrativos mediante os procedementos que no seu día se acorden. Impulsarase na páxina web un espazo onde se poidan presentar ideas, opinións, suxestións, foros de debate sobre temas de interese municipal e similares.

3. Na medida que se xeneralice o uso dos recursos tecnolóxicos, o Concello desenvolverá progresivamente un forum ou rede informática cívica, aberta a todas as persoas residentes na cidade.

## **Sección Segunda. O Rexistro Xeral de Asociacións**

### **Artigo 15. O Rexistro Xeral de Asociacións**

Terase en conta ao contido do borrador do Regulamento polo que se crea o rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, aprobado polo Pleno da Corporación de data 29 de decembro de 2001, publicado no Boletín oficial da Provincia número 56, de data 8 de marzo de 2002 e modificado no Pleno da Corporación de data 26 de xuño de 2008.

O Rexistro Xeral de Asociacións actualizarase permanentemente e das novas inscricións darase conta cada seis meses ao Pleno, previa presentación da documentación necesaria no rexistro.

## **CAPÍTULO III. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN**

### **Artigo 16. Carácter dos órganos de participación.**

1. O pleno da corporación poderá acordar o establecemento de Consellos Sectoriais, que terán como finalidade a de canalizar a participación dos cidadáns e das súas asociacións

# CONCELLO DE ARTEIXO



## CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 19 12



nos asuntos municipais. Todos os órganos de participación desenvolverán exclusivamente funcións de informe e, no seu caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector de actividade ao que corresponda cada consello.

2. A constitución destes órganos é facultativa, excepto nos municipios aos que sexa de aplicación o título X da Lei 57/2003, de medidas de modernización do goberno local. A súa creación deberá ser acordada polo Pleno por maioría absoluta.

### **Sección Primeira. O Consello Xeral de participación Cidadá**

#### **Artigo 17. O Consello Xeral de participación Cidadá**

1. É o órgano de participación dende o que se analizan e coordinan as actuacións que afectan ao conxunto da cidade.

2. O Concello de Arteixo aprobará en sesión plenaria a creación do Consello Xeral de Participación Cidadá e, así mesmo, nomeará aos representantes ao mesmo.

3. As súas funcións principais son debater os plans de actuación xerais, canalizar queixas e suxestións, emitir informes, promover estudos e facer propostas en materia de desenvolvemento económico, local, planificación estratéxica da cidade e grandes proxectos urbanos. A título orientativo sinálanse especificamente as funcións seguintes:

- a) Emitir informe sobre os asuntos que lle sexan solicitados polo alcalde/esa, o Pleno ou calquera consello municipal de participación.
- b) Coñecer e debater o Plan de actuación municipal, as ordenanzas e outras disposicións de carácter xeral.
- c) Coñecer os orzamentos municipais e os resultados da súa execución.
- d) Propor a realización de audiencias públicas de ámbito de Concello ou inferior.
- e) Promover a realización de procesos participativos en temas concretos de consellos veciñais
- f) Propor a realización de estudos sobre temas de interese para o Concello e promover o debate sobre os resultados.

#### **Artigo 18. Composición.**

1. Será presidido polo alcalde/sa, ou persoa en quen delegue.

O resto de membros do O Consello Xeral de participación Cidadá son:

- a. Un/a concelleiro/a en representación de cada un dos grupos municipais
- b. O presidente de cada un dos Consellos Municipais Sectoriais
- c. Un representante de cada un dos Consellos Municipais Sectoriais
- d. Un funcionario/a municipal en calidade de secretario/a, con voz e sen voto.
- e. Poderán asistir, con voz pero sen voto, calquera outra asociación, entidade, colectivo ou persoa, previa aprobación aprobada por maioría do mesmo.

Poderán asistir, con voz pero sen voto, calquera concelleiro/a e o persoal técnico convocado polo/a alcalde/sa.

#### **Artigo 19. Funcionamento.**

1. O Consello Xeral de Participación Cidadá reunirse unha vez cada seis meses, en sesión ordinaria, e tantas veces como sexa convocado polo/a alcalde/sa ou por 1/3 dos seus membros. A dinámica das sesións e as convocatorias serán acordadas mediante regulamento elaborado polo Consello Xeral de participación Cidadá e aprobado polo Pleno municipal.

# CONCELLO DE ARTEIXO



## CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 19 12



2. Remitiranse actas de todas as reunións a todos os membros do Consello
3. O Consello Xeral de participación Cidadá deberá ser renovado cada legislatura municipal

### **Artigo 20. Funcións**

- a) Fomentar a participación directa e descentralizada da cidadanía e entidades, na actividade do Concello, establecendo a este efecto os mecanismos necesarios de información, impulso e seguimento das súas actividades.
- b) Solicitar propostas cidadás relativas ao funcionamento dos servizos e/ou actuacións municipais no ámbito do Consello.
- c) Informar aos Órganos de Goberno do Concello do funcionamento dos servizos municipais do territorio expondo propostas para o seu mellor funcionamento.
- d) Presentar ao Concello, anualmente, un estado de necesidades do territorio, con indicación e selección de prioridades para a súa posible inclusión no Plan de Actuación Municipal.
- e) Facilitar a maior información e publicidade sobre as actividades e acordos municipais que afecten a cada territorio.
- f) Colaborar co Concello na solución dos problemas do territorio e axudar na aplicación de políticas que preveñan situacións de risco, conflitos veciñais e causas de inseguridade e marxinação.
- g) Promover e fomentar o asociacionismo e a colaboración individual e entre organizacións potenciando a coordinación entre as diferentes institucións ou entidades que actúen no territorio xa sexan públicas ou privadas.
- h) Solicitar información, previa petición, dos temas de interese para o Consello.

### **Sección Segunda. Os Consellos Sectoriais**

#### **Artigo 21. Os consellos sectoriais.**

1. Son os órganos de participación que canalizan as iniciativas e inquietudes cidadás en temas concretos de interese para a cidade como, por exemplo, a escola, a cultura, o deporte, o medio ambiente, a mocidade, as mulleres, a xente maior, as persoas con discapacidade, a cooperación e a solidariedade e outros similares. Teñen as mesmas funcións que o Consello Xeral de participación Cidadá aínda que limitadas ao seu sector concreto de actividade.
2. Todos os órganos de participación desenvolverán exclusivamente funcións de informe e, no seu caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector de actividade ao que corresponda cada consello.
3. Poderanse constituír a proposta do Pleno Municipal ou das asociacións e entidade que pertencen, pola súa denominación ou obxecto social, a un determinado ámbito sectorial.

#### **Artigo 22. Composición e funcionamento.**

1. Será presidido polo/a alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue e a vicepresidencia deberá recaer no Concelleiro da área do goberno relacionado co Consello Sectorial do que se trate.
2. Formarán parte:
  - a) Un representante por cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
  - b) Un representante por cada unha das asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións relacionadas co sector e con interese na materia. As asociacións ou entidades ás que corresponda a designación de representantes designaranse no acordo municipal de creación do Consello.
  - c) Un funcionario/a municipal en calidade de secretario/a, con voz e sen voto.



# CONCELLO DE ARTEIXO



## CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 19 12



3. Os Consellos Sectoriais reuniranse polo menos unha vez cada tres meses e tantas veces como sexan convocados polo/a alcalde/sa ou por 1/3 dos seus membros.

4. O funcionamento das sesións e as convocatorias serán acordadas mediante regulamento elaborado polo consello sectorial coas mesmas indicacións que o Consello Xeral de Participación Cidadá e aprobado polo Pleno municipal.

5. Poderá asistir con voz pero sen voto, calqueira outra asociación, entidade, colectivo ou persoa, previa aprobación acordada por maioría da mesma.

### **Artigo 23. Funcións.**

Son competencia dos Consellos Sectoriais:

1. Fomentar a participación e a promoción da calidade de vida dos sectores implicados.
2. Fomentar a participación directa das persoas, asociacións e dos sectores afectados ou interesados, establecendo para este efecto os mecanismos necesarios de información, estímulo e seguimento das súas actividades.
3. Promover e fomentar o asociacionismo e a colaboración individual entre asociacións.
4. Informar ao municipio nos diferentes programas e actuacións que se dirixan ao colectivo obxecto do Consello.
5. Elaborar propostas relativas ao ámbito de actuación de cada Consello Sectorial
6. Solicitar información, previa petición razoada dos temas de interese para o Consello.
7. Cada Consello sectorial terá ademais as funcións específicas que determine o seu regulamento.

## **CAPÍTULO IV. RÉXIMEN DE SUBVENCIÓNS E AXUDAS PÚBLICAS**

### **Artigo 24. Ordenanza xeral de subvencións**

1. O pleno Municipal deberá aprobar unha Ordenanza Xeral de Subvencións, onde ademais doutros, se estipulen os criterios xerais e concretos polos que as asociacións e entidades locais rexistradas teñen dereito á presentación de solicitudes que conleven á posible concesión dunha subvención para desenvolver a actividade propia do seu obxecto social.
2. Ademais da Ordenanza Xeral de Subvencións será de aplicación a lexislación vixente en materia de subvencións e outras axudas públicas.

### **Artigo 25. Ordenanza Xeral de Uso dos Locais e Instalacións Municipais.**

1. O Pleno Municipal deberá aprobar unha Ordenanza Xeral de Uso dos Locais e Instalacións Municipais.
2. As asociacións e entidades locais rexistradas teñen dereito ao uso dos locais e instalacións municipais para o desenvolvemento da súa actividade sempre que non interrompa a programación municipal.
3. O concello facilitará, na medida da posible, locais permanentes ás asociacións e entidades locais rexistradas que permitan o desenvolvemento digno da súa actividade.

### **Artigo 26. Medios materiais e asesoramento.**

1. O Concello facilitará, na medida das súas posibilidades, os medios materiais que permitan desenvolver a xestión e as actividades programadas polas asociacións e entidades locais rexistradas.
2. Os servizos xurídicos do Concello prestarán asesoramento ás asociacións e entidades locais unicamente en aqueles asuntos que non supoñan un conflito de intereses cos desta Administración.

# CONCELLO DE ARTEIXO



## CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 19 12



### DISPOSICIÓN ADICIONAIS

#### PRIMEIRA

O Concello de Arteixo, no exercicio da súa autonomía organizativa, poderá crear outros órganos municipais de participación diferentes dos previstos no presente regulamento, respectando a organización básica prevista polas leis

#### SEGUNDA

As dúbidas que suscite a interpretación e aplicación deste regulamento serán resoltas pola Alcaldía, previo informe da delegación de Participación Cidadá, de conformidade co establecido na vixente lexislación de Réxime Local e nos acordos municipais.

#### TERCEIRA

No previsto no presente Regulamento estarase ao disposto nas seguintes normas: a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; a lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local; o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por real decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril; o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/1986, de 28 de novembro; a lei orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora do dereito de petición; a lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación.

#### DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Desde a data de entrada en vigor do presente Regulamento fican derogadas todas as disposicións contidas nas Ordenanzas e regulamentos Municipais que se opoñan ao disposto no mesmo.

#### DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento, unha vez sometido a información pública e aprobado definitivamente polo Pleno Municipal, entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no BOP e transcorrido o prazo disposto no artigo 65 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.